

WILKIE COLLINS

A dama de Glenwith Grange

Traducido por Alejandro Tobar



Vólvense os paxaros contra as escopetas

PRÓLOGO Á HISTORIA

I

A miña experiencia como retratista, se ben para pouco máis serviu, permitíume cando menos consagrar o meu talento, por escaso que sexa, aos máis variados fins. Non só captei fielmente a traza de homes, mulleres e pícaros; tamén tirei de pinceis para perfilar cabalos, cans, mansións e, nunha ocasión, mesmo un touro, terror e gloria da súa bisbarra e o elemento máis hostil que retratei nunca. O animal chamábase, apropiadamente, Tronido-Lóstrego, e pertencía a un xentil terratenente de nome Garthwaite, un parente afastado da miña muller.

O modo no que me zafei de levar unha cornada denantes de rematar o meu cadro, é algo que até o momento non son quen de explicar todo o ben que me gustaría. Tronido-Lóstrego detestaba a simple visión da miña persoa e do meu maletín de pintura, coma se considerase unha afronta persoal o feito de querer retratalo. Para persuadilo, cumprían dous homes a guialo e mais un terceiro a turrar por el do ferrete que lucía entre narno e narno, e só daquela podía

eu encomezar a traballar. Con todo e iso, mesmo desaguisa non deixaba o animal nin un por un instante de rabexar, de sansanicar a súa enorme cabeza e de mirar a un e a outro lado, levado pola ansiedade e co deveso de me cornear pola ousadía que supuña que eu sentase tranquilamente a ollar para el. Nunca, e falo con franqueza, nunca tan feito en min me sentín coma cando, ao acabar o cadro do touro, vin plasmada a solidez daquela pel e a contundencia daquelas extremidades!

Certa mañá, co meu labor xa a medio rematar, dirixíame na compañía do meu amigo Garthwaite ao cortello para ver o touro, cando de socato nos parou o administrador da granxa a fin de informarnos, con ton grave, de que Tronido-Lóstrego estaba especialmente irascible e que polo tanto resultaría arriscado para min telo preto para proseguir co retrato. Lanceille unha mirada inquisitiva ao señor Garthwaite, que sorriu con aire resignado, e dixo:

—De acordo, non hai madía, haberá logo que esperar a mañá. Dígame, señor Kerby, que lle parece se, habida conta de que o mal carácter do seu touro nos concede un día festivo, imos pescar?

Respondinlle, con total honestidade, que de pesca eu non sabía nada de nada. Mais o señor Garthwaite, tan apaixonado por esa arte coma o propio Izaak Walton, non tiña intención de se deixar aplacar nin sequera polo máis irrefutable pretexto.⁷

⁷Izaak Walton (Stafford, 1593-Winchester, 1683), escritor inglés célebre pola súa obra laudatoria sobre a pesca *The Compleat Angler* (1653), un manual de prosa fecunda e tendencia introspectiva que á súa vez bebe de obras anteriores sobre a mesma temática. Walton é, conxuntamente

